

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 19 de febreiro de 2020 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2018/19, convocados pola Orde do 17 de setembro de 2019 (Diario Oficial de Galicia do 2 de outubro).

A Orde do 17 de setembro de 2019 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2018/19, establece no seu artigo 14.1 que o titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo xurado de selección á conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, que emitirá a correspondente resolución de adjudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez resolta a convocatoria, publicadas no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal> as cualificacións provisionais obtidas polos candidatos e candidatas, resoltas as reclamacións presentadas, vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adjudicación dos premios extraordinarios e por proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2018/19, ao alumnado que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Esta resolución de adjudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-



Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2020

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

ANEXO

Premios extraordinarios nas modalidades de Música, de Danza e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2018/19

Modalidade de Música

Sol.	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
2218953	Iglesias Lista, Miguel	CMUS profesional, A Coruña	850 €
2191424	Estévez Moureira, Jaime	CMUS profesional, Vigo	850 €
2176261	Budiño Pinaque, Pedro	CEMU Manuel Peleteiro, Santiago	850 €

Modalidade de Danza

Sol.	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
2204780	Arrechedera Colosimo, Andrea Carolina	CDAN profesional, Lugo	850 €

Modalidade de Artes Plásticas e Deseño

Sol.	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
2213288	Andrade Brea, Paula	EASD Pablo Picasso, A Coruña	850 €
2211933	Carrazza Ibáñez, Naiara Ayelén	EASD Mestre Mateo, Santiago	850 €

